



SI

A Administración electrónica nos Concellos de Galicia

Edición 2018

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2018

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Administración electrónica nos concellos de Galicia

Ano 2018

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2018



ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	5
2.	SERVIZOS ELECTRÓNICOS.....	6
2.1.	Sitio web da entidade.....	7
2.2.	Sede electrónica na entidade.....	11
2.3.	Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet.....	20
2.4.	Comunicacións e participación da cidadanía.....	32
2.5.	Puntos de acceso público á Sociedade da Información.....	40
3.	EQUIPAMENTOS, APLICACIÓNS E PROGRAMAS INFORMÁTICOS.....	43
3.1.	Equipamento informático e de comunicacións.....	44
3.2.	Aplicacións, programas e plataformas informáticas.....	50
3.3.	Identificación e certificados dixitais.....	55
4.	ACTUACIÓNS E MELLORAS.....	60
4.1.	Actuacións, melloras e actuacións prioritarias.....	61
4.2.	Actividades informáticas.....	74
4.3.	Barreiras á Administración electrónica	76
5.	CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS.....	79
6.	METODOLOXÍA.....	82
6.1.	Ficha técnica.....	82
6.2.	Distribución da mostra de estudo.....	82



1. INTRODUCCIÓN

O principal obxectivo deste informe é a análise da situación e da evolución da administración electrónica nos concellos de Galicia, considerando como datos principais os relativos ao último trimestre do ano 2017, comparativamente cos datos obtidos en edicións anteriores.


Esta enquisa, elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), realizouse a través dunha plataforma web e contou coa colaboración da Oficina eConcellos de Amtega . Participaron un total de 199 concellos, subministrando a información necesaria para a elaboración deste informe.

A análise de datos divídese en tres capítulos: en primeiro lugar, expóñense os resultados relativos aos Servizos electrónicos. Posteriormente, os referentes aos Equipamentos, aplicacións e programas informáticos e, por último, os resultados obtidos en relación ás Actuacións e melloras.

Esta operación estatística está incluída no V Plan Galego de Estatística 2017-2021 da Comunidade Autónoma de Galicia, estando tamén incluída nas iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.



2. SERVIZOS ELECTRÓNICOS



- O principal mecanismo de autenticación empregado polos concellos galegos para identificar aos seus visitantes foi o certificado dixital, cun 35,3%, e cun crecemento de 13,3 puntos respecto á edición anterior
- O 79,3% dos concellos galegos que dispoñen dun sitio web contan con sede electrónica. Destaca o crecemento respecto da edición anterior, cun importante incremento de 26,4 puntos porcentuais
- Tres de cada catro concellos con sede electrónica contan con rexistro electrónico
- O 59% dos concellos ten presenza nas redes sociais, aumentando 9 puntos nos dous últimos anos.
- O 62,2% dos concellos galegos dispoñen dun portal ou espazo de transparencia, medrando 32,7 puntos respecto ao ano anterior.

O primeiro capítulo, destinado á análise sobre os servizos electrónicos nos concellos de Galicia, conta con cinco bloques. Nun primeiro lugar preséntanse os datos relativos a páxina web da entidade así como as súas características.


Nos seguintes bloques tratarase a información correspondente á sede electrónica, os procedementos e trámites realizables a través de Internet, as comunicacións e participacións da cidadanía e os puntos de acceso á Sociedade da Información.

2.1. Sitio web da entidade

A páxina web, como principal canle de comunicación exterior das entidades locais, está presente na práctica totalidade dos concellos, se ben obsérvase que algúns dos concellos máis pequenos (menos de 5.000 habitantes) aínda non posúen páxina web.

Por provincias, a totalidade dos concellos enquisados nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra dispoñen de páxina web e só na de Ourense existen concellos que declararon non contar con páxina web.


Figura 1 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Concellos con sitio web principal/ oficial. 2007-2017
(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Figura 2 CONCELLOS CON SITIO WEB PRINCIPAL/OFICIAL POR ESTRATOS DE POBOACIÓN


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Figura 3 CONCELLOS CON SITIO WEB PRINCIPAL/OFICIAL POR PROVINCIA

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA


Ademais da dispoñibilidade de páxina web, examináronse os sistemas de identificación e autenticación dos usuarios que accedían á web, así como os mecanismos de control requiridos aos visitantes co obxectivo de asegurar as xestións por Internet: introdución do nome e clave, código PIN ou certificado dixital.

Neste sentido o principal mecanismo de autenticación empregado polos concellos galegos para identificar aos seus visitantes foi o certificado dixital, cun 35,3%, e cun crecemento de 13,3 puntos respecto aos datos anteriores (22%). Redúcese consecuentemente a porcentaxe de concellos que non identifican aos seus visitantes electrónicos en 14 puntos porcentuais, pasando dun 75,9% a un 61,9% en dous anos.

Figura 3 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Mecanismos para a autenticación dos visitantes na web. 2007-2017

(% concellos con sitio web principal/oficial)



En función do tamaño do concello, a modalidade de control maioritaria en todos os estratos é o certificado dixital, destacando que, a maior estrato de poboación, maior porcentaxe de autenticacións.

Por provincias, é nos concellos da provincia de Pontevedra onde máis se identifican os visitantes das páxinas web municipais (o 47,7%). Coincide tamén coa provincia onde resulta maior o uso do certificado dixital como ferramenta de identificación para as entidades locais (43,4%).

Táboa 1 CONCELLOS CON MECANISMOS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN DOS VISITANTES DO SITIO WEB. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% concellos con sitio web principal/oficial)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Por nome e clave, ou cun código PIN	4,0%	6,5%	3,3%	14,0%	18,3%	71,4%	8,1%
Por certificado dixital	20,0%	33,4%	50,5%	35,3%	56,7%	85,7%	35,3%
Outro método	4,0%	2,5%	6,6%	0,0%	0,0%	14,3%	3,7%
Non se identifican os visitantes	74,1%	62,2%	57,1%	50,7%	50,0%	14,3%	61,9%

Fonte: OSIMGA

Táboa 1 CONCELLOS CON MECANISMOS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN DOS VISITANTES DO SITIO WEB. TÁBOA POR PROVINCIA

(% concellos con sitio web principal/oficial)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Por nome e clave, ou cun código PIN	13,1%	3,5%	3,5%	11,3%	8,1%
Por certificado dixital	33,0%	32,6%	33,6%	43,4%	35,3%
Outro método	4,4%	3,1%	2,5%	4,9%	3,7%
Non se identifican os visitantes	62,5%	67,4%	64,3%	52,3%	61,9%


Fonte: OSIMGA

2.2. Sede electrónica na entidade

A sede electrónica é o enderezo web que permite acceso, dun xeito inmediato e sinxelo, aos servizos telemáticos subministrados polo concello dende calquera dispositivo que dispoña dun acceso a Internet.

O 79,3% dos concellos galegos que dispoñen dun sitio web contan con sede electrónica. Destaca o crecemento respecto da edición anterior, cun importante incremento de 26,4 puntos porcentuais.

Figura 5 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Concellos con sede electrónica. 2013-2017
(% concellos con sitio web principal/oficial)




Fonte: OSIMGA

Ao igual que noutros indicadores, o volume de poboación do concello incide de xeito positivo na presenza de sede electrónica: con carácter xeral, a maior poboación máis dispoñibilidade de sede electrónica na web municipal.

Tendo en conta a provincia onde se atopan, hai máis concellos que dispoñen de sede electrónica na Coruña (o 98,9%), sendo a provincia de Ourense a que rexistra a menor porcentaxe de corporacións con sede electrónica (57%).

Figura 6 CONCELLOS CON SEDE ELECTRÓNICA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN


(% concellos con sitio web principal/oficial)



Fonte: OSIMGA

Figura 7 CONCELLOS CON SEDE ELECTRÓNICA POR PROVINCIA

(% concellos con sitio web principal/oficial)



Fonte: OSIMGA

Os servizos estudados para analizar as posibilidades da sede electrónica son os seguintes:

- Identificación electrónica.
- Rexistro electrónico.
- Pagos electrónicos: tributos, multas, etc.
- Notificacións electrónicas (inclúe marcado e selo de tempo).
- Certificacións electrónicas.
- Compulsa e validación electrónica de documentos.
- Comunicacións administrativas electrónicas entre a entidade e os cidadáns e outras Administracións Públicas (AAPP).
- Carpeta do cidadán.
- Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites.
- Establecemento da consulta do estado dos trámites.


O trámite con maior presenza nos concellos con sede electrónica é o “Rexistro electrónico”, cun 75,3% de concellos que ofrecen o servizo.

En canto aos elementos con previsión dun próximo crecemento debido á súa alta porcentaxe en fase de implantación parcial, son as “Consultas do estado dos trámites” cun 16,1% e as “Notificacións electrónicas” cun 15,6%.

O procedemento que conta cunha menor implantación na sede electrónica dos concellos é o “Pago electrónico: tributos, multas, etc.”, cun 10,9% de implantación total e un 6,5% parcial.

Figura 8 ELEMENTOS DA SEDE ELECTRÓNICA QUE TEÑEN/USAN TOTAL OU PARCIALMENTE OS CONCELLOS. 2015-2017

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

Respecto á evolución respecto do ano 2015, incrementáronse a maioría dos servizos das sedes electrónicas dos concellos, especialmente no caso das “Notificacións electrónicas” que experimentaron un crecemento de 24,6 puntos porcentuais, ou a “Carpeta do cidadán”, que ten subido 14,7 puntos nestes dous anos.

Figura 9 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Elementos da sede electrónica que teñen/usan totalmente os concellos. 2015-2017

(% concellos con sede electrónica)



Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o tamaño de poboación dos concellos, de novo destacar que nos de maior número de habitantes hai maiores posibilidades de xestións nas súas sedes electrónicas, cunha diferenza significativa respecto aos dispoñibles nos concellos de menor poboación. Un exemplo son os “Pagos electrónicos”, sendo posible realizalos soamente no 2,9% dos concellos pequenos fronte ao 83,3% dos concellos con maior poboación (máis de 50.000 habitantes).

Táboa 2 ELEMENTOS DA SEDE ELECTRÓNICA QUE TEÑEN / USAN OS CONCELLOS. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% concellos con sede electrónica)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Rexistro electrónico	64,2%	68,9%	96,4%	63,6%	100,0%	83,3%	75,3%
Identificación electrónica dos cidadáns	36,8%	55,4%	89,1%	63,6%	100,0%	83,3%	61,9%
Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites	36,2%	58,1%	62,5%	56,5%	93,35	83,3%	55,7%
Carpeta do cidadán	33,3%	43,2%	74,5%	56,5%	93,3%	83,3%	53,0%
Notificacións electrónicas	34,3%	42,5%	70,9%	30,4%	66,7%	50,0%	47,1%
Establecemento da consulta do estado dos trámites	29,0%	34,2%	57,1%	30,4%	66,7%	66,7%	40,6%
Certificacións electrónicas	37,7%	31,5%	34,5%	45,5%	50,0%	50,0%	36,8%
Comunicacións administrativas electrónicas entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP	29,0%	31,5%	30,9%	50,0%	60,0%	33,3%	34,2%
Compulsa electrónica	23,5%	16,2%	39,3%	30,4%	43,8%	33,3%	27,2%
Pagos electrónicos	2,9%	4,1%	18,2%	18,2%	13,3%	83,3%	10,9%

Fonte:OSIMGA

Entre as provincias galegas, obsérvanse diferenzas salientables. Un exemplo é en relación co “Rexistro electrónico”: cando na provincia de Pontevedra o 86% dos concellos dispón do servizo, só o 66,7% dos concellos de Lugo están nas mesmas circunstancias. En liñas xerais, existe unha maior presenza dos diferentes elementos da sede electrónica nos concellos de Pontevedra e A Coruña, salvo no caso da “Carpeta do cidadán”, onde destaca cun 63,3% a provincia de Ourense.

Táboa 4 ELEMENTOS DA SEDE ELECTRÓNICA QUE TEÑEN / USAN OS CONCELLOS. TÁBOA POR PROVINCIA

(% concellos con sede electrónica)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Rexistro electrónico	79,3%	66,7%	70,8%	86,0%	75,3%
Identificación electrónica dos cidadáns	67,7%	45,6%	53,1%	81,4%	61,9%
Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites	68,5%	43,1%	43,8%	60,5%	55,7%
Carpeta do cidadán	51,1%	42,1%	63,3%	61,9%	53,0%
Notificacións electrónicas	48,9%	36,8%	45,8%	60,5%	47,1%
Establecemento da consulta do estado dos trámites	38,0%	35,1%	42,9%	51,2%	40,6%
Certificacións electrónicas	40,2%	29,3%	36,7%	39,5%	36,8%
Comunicacións administrativas electrónicas entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP	40,7%	24,1%	32,7%	32,6%	34,2%
Compulsa electrónica	35,9%	10,3%	32,0%	25,6%	27,2%
Pagos electrónicos	15,2%	7,0%	8,3%	9,5%	10,9%


Fonte: OSIMGA

Dacordo ás demandas dos propios concellos, os elementos con maior necesidade de actuación (actuacións de mellora, novas adquisición, etc...) son os "Pagos electrónicos", sinalado polo 14,9% das entidades municipais, seguido da "Consulta do estado dos trámites" (13,7%) e a "Compulsa electrónica" (13,3%). Resaltamos que as porcentaxes de necesidade reducíronse respecto á edición anterior, xa que agora está máis estendida a sede electrónica e os seus servizos.

Figura 10 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Necesidade de facer actuacións en elementos da sede electrónica. 2015-2017


(% concellos con sede electrónica)



Fonte: OSIMGA

As previsións que os propios concellos teñen respecto ás próximas actuacións sobre os elementos da sede electrónica para o ano seguinte son referidas maioritariamente á “Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites” cun 19,6% das respostas de demanda dos concellos e as “Notificacións electrónicas”, cun 18,5%. A “Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites” é a que máis medra, comparativamente, ao ano 2015 (incrementábase en 5,8 puntos porcentuais).

Figura 11 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Previsión de actuacións para o próximo ano. 2015-2017
(% concellos con sede electrónica)



Fonte: OSIMGA

2.3. Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

Neste apartado analizaranse os procedementos e trámites que os concellos proporcionan á cidadanía e ás empresas a través do sitio web, estudando os niveis de información-interacción electrónica dos mesmos.


Os procedementos avaliados son os seguintes:

- Impostos e taxas.
- Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns).
- Solicitude de axudas, subvencións, bolsas...
- Queixas e suxestións.
- Consultas ao catálogo de bibliotecas.
- Solicitude e obtención de certificados.
- Matriculación (cursos, actividades, servizos,...).
- Inscripción en rexistros.
- Solicitudes de citas, etc.
- Rexistro de documentos.
- Consulta e seguimento de tramitación de expedientes.
- Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc.).
- Inscripción en rexistros (empresas, actividades, etc.)
- Presentación e resolución en licitacións, concursos, etc.
- Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.

Os niveis de desenvolvemento da Administración electrónica diferéncianse en diferentes estadios, en función das posibilidades de interacción:



Figura 4 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Nivel de interacción medio dos procedementos. 2015-2017



Fonte: OSIMGA

Destacar que o 17,9% dos concellos galegos ofrece un servizo electrónico na administración de modo proactivo, o máximo nivel de interacción. Esta característica, practicamente inexistente hai dous anos, resulta posible para case un de cada cinco concellos galegos na actualidade.

Facendo unha análise pormenorizada dos diferentes niveis de interacción electrónica, as porcentaxes máis altas sitúanse de novo nos concellos de maior poboación.

O 57,1% dos grandes concellos desenvolven procedementos administrativos de nivel 4, e un 42,9% de procedementos de nivel 5. Destacar que todas as grandes cidades teñen superado os niveis inferiores

Por provincias, novamente destaca A Coruña, onde o 28% dos concellos emprega procedementos de nivel 5.

Táboa 5 NIVEL DE INFORMACIÓN-INTERACCIÓN ELECTRÓNICA MEDIO DOS PROCEDEMENTOS. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Nivel 0	43,0%	25,3%	7,0%	30,3%	12,5%	0,0%	27,7%
Nivel 1	12,3%	9,2%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	7,1%
Nivel 2	8,8%	17,2%	10,5%	0,0%	0,0%	0,0%	10,2%
Nivel 3	12,3%	19,5%	26,3%	21,2%	37,5%	0,0%	18,7%
Nivel 4	11,4%	13,8%	28,1%	30,3%	18,8%	57,1%	18,4%
Nivel 5	12,3%	14,9%	28,1%	18,2%	31,3%	42,9%	17,9%

Fonte: OSIMGA

Táboa 6 NIVEL DE INFORMACIÓN-INTERACCIÓN ELECTRÓNICA MEDIO DOS PROCEDEMENTOS. TÁBOA POR PROVINCIAS

(% todos os concellos)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Nivel 0	19,4%	23,5%	38,0%	29,0%	27,7%
Nivel 1	3,2%	14,7%	6,5%	4,8%	7,1%
Nivel 2	2,2%	10,3%	15,2%	16,1%	10,2%
Nivel 3	21,5%	13,2%	21,7%	16,1%	18,7%
Nivel 4	25,8%	17,6%	10,9%	19,4%	18,4%
Nivel 5	28,0%	20,6%	7,6%	14,5%	17,9%

Fonte: OSIMGA

Na seguinte táboa, amosamos os niveis de interacción electrónica para cada un dos 16 procedementos estudados.

Táboa 7 NIVEIS DE INFORMACIÓN-INTERACCIÓN ELECTRÓNICA DOS PROCEDEMENTOS E TRÁMITES PROPORCIONADOS A TRAVÉS DE INTERNET

(% concellos con sitio web principal/oficial)

	Nivel 0	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4	Nivel 5	TOTAL
Impostos e taxas	50,2%	22,5%	12,2%	9,1%	3,2%	2,8%	100%
Solicitude de axudas, subvencións, bolsas, etc	42,5%	19,4%	14,2%	17,3%	4,2%	2,3%	100%
Rexistro de documentos	33,2%	9,5%	9,0%	20,7%	14,2%	13,5%	100%
Consulta e seguimento de tramitación de expedientes	48,2%	18,3%	7,1%	17,8%	5,5%	3,1%	100%
Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc)	38,1%	15,4%	18,8%	19,1%	6,3%	2,3%	100%
Inscripción en rexistros (empresas, actividades, etc)	60,0%	16,5%	9,3%	9,6%	3,5%	1,1%	100%
Presentación e resolución de licitacións, concursos etc.	51,8%	21,2%	9,2%	12,2%	4,1%	1,4%	100%
Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.	62,3%	22,4%	4,9%	6,1%	2,6%	1,6%	100%
Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns)	53,8%	18,5%	10,5%	9,6%	5,7%	1,9%	100%


Solicitud de citas, etc.	57,2%	18,9%	7,4%	8,5%	6,5%	1,5%	100%
Queixas e suxestións	45,4%	14,1%	9,6%	14,9%	9,9%	6,1%	100%
Consulta ao catálogo de bibliotecas	63,6%	17,1%	8,3%	4,8%	4,9%	1,2%	100%
Solicitud e obtención de certificados	43,7%	18,5%	13,9%	13,8%	6,4%	3,8%	100%
Matriculados (cursos, actividades, servizos...)	53,0%	21,9%	11,0%	10,9%	3,2%	0,0%	100%
Inscripción e rexistros	58,9%	15,5%	11,5%	7,5%	5,7%	0,9%	100%
Outra	90,3%	5,2%	3,9%	0,2%	0,4%	0,0%	100%

Fonte: OSIMGA

Os procedementos con niveis 3,4,ou 5, máis tramitados polos usuarios dos concellos galegos, son os de “Rexistros de documentos” cun 73,1% e as “Solicitud e obtención de certificados” cun 62,0%.

Figura 13 SERVICIOS DE NIVEL 3, 4 OU 5 TRAMITADOS ELECTRÓNICAMENTE POLOS USUARIOS


(% concellos con sitio web principal/oficial)



Fonte: OSIMGA


Durante o 2017 aumentou a porcentaxe de concellos galegos que contan cun catálogo de procedementos dispoñible a través de Internet, chegando ata o 27,7%, sendo especialmente significativo entre os concellos con máis de 50.000 habitantes (57,1%) fronte o 17,5% dos concellos de menos de 2.000 habitantes.

Figura 14 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet. 2015-2017
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Figura 15 DISPOÑIBILIDADE DO CATÁLOGO DE PROCEDEMENTOS POR ESTRATOS DE POBOACIÓN
 (% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O 53,8% dos concellos da provincia de A Coruña dispón dun catálogo de procedementos accesible a través de Internet, fronte ao 7,7% dos concellos de Ourense que teñen catalogados os procedementos administrativos online.

Figura 16 DISPOÑIBILIDADE DO CATÁLOGO DE PROCEDEMENTOS POR PROVINCIA

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta as diferentes magnitudes poboacionais dos concellos, a accesibilidade do catálogo de procedementos é maior a medida que se incrementa o número de residentes, especialmente nos de 20 a 50.000 habitantes (87,5%).

Figura 17 ACCESIBILIDADE DO CATÁLOGO DE PROCEDEMENTOS A TRAVÉS DE INTERNET POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% concellos con catálogo de procedementos)




Fonte: OSIMGA

Por provincias, considerando os concellos que teñen catálogo de procedementos, a accesibilidade é maior nos municipios ubicados en Lugo, 78,9%, mentres que na Coruña, a porcentaxe descende ata o 62,0%.

Figura 18 ACCESIBILIDADE DO CATÁLOGO DE PROCEDEMENTOS A TRAVÉS DE INTERNET POR PROVINCIA

(% concellos con catálogo de procedementos)




Fonte: OSIMGA

Unha das indubidables vantaxes da administracións electrónica é a redución do aporte de documentos procedentes doutras administracións (DNI, certificacións de obrigacións tributarias [AEAT, Seguridade Social], familia numerosa, discapacidade, inscrición en rexistros, etc.).

No ano 2017 a supresión da obriga de aportar estes documentos chegou ata o 13% dos concellos galegos; e o 27% deles substituíu por declaracións responsables algúns dos que había que aportar (certificación de conta bancaria, poderes de representación, etc.).


Ambos os dous indicadores presentan un crecemento respecto aos datos anteriores, que se cifra en 5 puntos no caso da supresión da obriga de aportar documentos e en 6,4 puntos no caso da substitución por declaracións responsables.

Figura 19 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Supresión de obriga de aportar documentos. 2015-2017
(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Figura 20 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Substitución de documentos por declaracións responsables. 2015-2017
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Observando esta simplificación administrativa á vista do tamaño da poboación do concello, son os grandes municipios os que sobresaen en canto á supresión da obriga de presentación de documentos (o 42,9% nos de máis de 50.00 habitantes); no caso de substitucións por declaracións responsables destacan os concellos medianos (10 a 20 mil habitantes), cun 39,4%.

Táboa 8 INTERCAMBIO DE DATOS COS CIDADÁNS: SUPRIMIR OBRIGA DE APORTAR DOCUMENTOS E SUBSTITUCIÓN POR DECLARACIÓNS RESPONSABLES . TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Suprimir obriga de documentos	7,9%	12,6%	17,5%	9,1%	31,3%	42,9%	13,0%
Substitución por declaracións responsables	13,0%	39,1%	28,1%	39,4%	33,3%	28,6%	27,0%

Fonte: OSIMGA

En relación á análise por provincias, na Coruña hai máis concellos que suprimiron a obriga de presentar documentos (22,3%) mentres que na simplificación respecto á substitución de

documentación por declaracións responsables, destacan os concellos da provincia de Pontevedra, cun 36,1%.

Táboa 9 INTERCAMBIO DE DATOS COS CIDADÁNS: SUPRIMIR OBRIGA DE APORTAR DOCUMENTOS E SUBSTITUCIÓN POR DECLARACIÓN RESPONSABLES . TÁBOA POR PROVINCIAS

(% todos os concellos)


	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Suprimir obriga de documentos	22,3%	16,4%	5,4%	6,6%	13,0%
Substitución por declaracións responsables	34,4%	22,1%	17,4%	36,1%	27,0%

Fonte: OSIMGA

Considerando a interacción electrónica da administración municipal con outras administracións públicas (AAPP), cabe destacar que o acceso máis frecuente é a realización de consultas (57,5% dos concellos galegos); en segundo lugar, destaca a recepción de certificados electrónicos procedentes doutras administracións (41,3% dos concellos solicitounos).

Figura 21 INTERCAMBIO DE DATOS CON OUTRAS AAPP

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

O volume de poboación do concello incide positivamente no indicador, xa que a totalidade dos concellos de máis de 50.000 habitantes accederon aos sistemas de información doutras AAPP para realizar consultas.

As entidades municipais da provincia da Coruña destacan en todos os trámites con outras administracións anteriormente citados, por riba doutras provincias.

Táboa 10 INTERCAMBIO DE DATOS CON OUTRAS AAPP: TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Recibiu certificados electrónico doutras AAPP	34,2%	47,7%	44,8%	39,4%	31,3%	85,7%	41,3%
Enviou certificados electrónicos a outras	24,6%	37,9%	42,1%	30,3%	25,0%	42,9%	32,3%
Accede aos sistemas de información doutras AAPP para consulta	47,4%	59,1%	63,8%	55,9%	80,0%	100,0%	57,5%
Ten procedementos integrados electrónicamente cos sist. Informáticos doutras AAPP	21,9%	29,5%	47,4%	39,4%	43,8%	42,9%	32,1%

Fonte: OSIMGA

Táboa 11 INTERCAMBIO DE DATOS CON OUTRAS AAPP: TÁBOA POR PROVINCIA

(% todos os concellos)


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Recibiu certificados electrónico doutras AAPP	54,3%	40,3%	30,4%	39,3%	41,3%
Enviou certificados electrónicos a outras	46,2%	22,4%	21,7%	37,7%	32,3%
Accede aos sistemas de información doutras AAPP para consulta	66,0%	54,4%	48,4%	62,3%	57,5%
Ten procedementos integrados electrónicamente cos sist. Informáticos doutras AAPP	53,3%	25,4%	16,3%	31,7%	32,1%

Fonte: OSIMGA

2.4. Comunicacións e participación da cidadanía

Outro indicador básico para valorar a eficacia da e-administración é observar a participación da cidadanía a través das tecnoloxías. Con grande diferenza, o correo electrónico e o fax continúan a ser as canles de comunicación máis empregadas nos concellos galegos, cun 97,7% e un 88,3% respectivamente. Destaca o incremento de uso de redes sociais por parte dos concellos, que se incrementa en 9 puntos porcentuais nestes dous anos, acadando o 59%.

Figura 62 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Canles de comunicación co cidadán. 2015-2017
 (% concellos con sitio web)



Fonte: OSIMGA

A totalidade de grandes concellos teñen ao servizo dos diferentes colectivos cos que interactúan as seguintes canles de comunicación: correo electrónico xeral e correo electrónico para a participación dos cidadáns e un punto de información presencial con soporte informático.

Táboa 12 CANLES DE COMUNICACIÓN CO CIDADÁN. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% concellos con sitio web principal/oficial)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001- 5.000 habitantes	5.001- 10.000 habitantes	10.001- 20.000 habitantes	20.001- 50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Correo electrónico	98,0%	96,5%	96,5%	100,0%	100,0%	100,0%	97,7%
Fax	89,1%	93,0%	86,0%	81,8%	80,0%	85,7%	88,3%
Rede social da entidade	42,2%	61,6%	64,9%	78,8%	80,0%	85,7%	59,0%
Punto de información presencial con soporte informático	54,9%	55,3%	59,6%	57,6%	46,7%	100,0%	56,5%
Correo electrónico persoal para comunicacións dos cidadáns	31,4%	31,4%	47,4%	42,4%	53,3%	71,4%	37,7%
Correo electrónico específico para participación da cidadanía	17,6%	22,4%	64,9%	45,5%	62,5%	100,0%	35,3%
Teléfono / servizo telefónico de información unificado	40,2%	26,7%	21,1%	12,1%	26,7%	71,4%	29,8%
Internet para dispositivos móviles	15,8%	27,1%	36,8%	30,3%	46,7%	71,4%	27,5%
Terminais / punto de acceso público a Internet	9,8%	18,8%	36,8%	33,3%	26,7%	57,1%	22,4%
Outros medios	10,8%	18,6%	31,6%	27,3%	40,0%	85,7%	21,7%
Servizo de mensaxes a móbiles	5,0%	18,6%	31,6%	27,3%	40,0%	71,4%	19,6%
Responsable con blog persoal para comunicacións dos cidadáns	6,9%	7,1%	15,8%	0,0%	13,3%	42,9%	9,0%
Órgano formal con funcións asignadas de participación cidadá	2,0%	3,5%	7,0%	3,0%	40,0%	85,7%	7,3%
Consulta, enquisa ou votación en liña	0,0%	7,1%	7,0%	9,1%	13,3%	71,4%	6,7%
Enquisas de satisfacción ou avaliación en liña	2,0%	0,0%	3,5%	9,1%	0,0%	57,1%	3,5%

Fonte: OSIMGA

Táboa 13 CANLES DE COMUNICACIÓN CO CIDADÁN. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% concellos con sitio web principal/oficial)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Correo electrónico	97,9%	98,5%	97,5%	96,7%	97,7%
Fax	93,5%	82,1%	93,7%	80,3%	88,3%
Rede social da entidade	73,1%	41,8%	46,2%	72,1%	59,0%
Punto de información presencial con soporte informático	54,8%	62,7%	53,8%	57,4%	56,5%
Correo electrónico persoal para comunicacións dos cidadáns	43,0%	32,8%	35,9%	36,1%	37,7%
Correo electrónico específico para participación da cidadanía	45,2%	23,9%	23,1%	49,2%	35,3%
Teléfono / servizo telefónico de información unificado	25,8%	20,9%	47,4%	23,0%	29,8%
Internet para dispositivos móbiles	31,2%	19,4%	20,5%	39,3%	27,5%
Terminais / punto de acceso público a Internet	38,7%	13,4%	16,7%	14,8%	22,4%
Outros medios	32,3%	7,5%	16,7%	26,2%	21,7%
Servizo de mensaxes a móbiles	36,6%	4,5%	9,0%	23,0%	19,6%
Responsable con blog persoal para comunicacións dos cidadáns	14,0%	3,0%	6,4%	11,5%	9,0%
Órgano formal con funcións asignadas de participación cidadá	16,1%	1,5%	2,6%	6,6%	7,3%
Consulta, enquisa ou votación en liña	14,0%	6,0%	5,1%	0,0%	6,7%
Enquisas de satisfacción ou avaliación en liña	4,3%	1,5%	3,8%	4,9%	3,5%

Fonte: OSIMGA

Para favorecer a participación da cidadanía ou colectivos sociais, os concellos galegos contan con ferramentas como as redes sociais. O incremento do seu uso nos últimos anos pódese


comprobar na gráfica seguinte: Facebook, co 62,2%, é a rede que máis empregan os concellos galegos para interaccionar coa cidadanía, cun aumento do 25,2% nos dous últimos anos; seguida de Twitter (22,7%), que experimentou un crecemento do 27,3%

A comparativa do tamaño do concello e das diferentes provincias, amosa que aínda que un número maior de habitantes inflúe nun maior uso de redes sociais, tamén os concellos medianos entran con forza neste uso de canle comunicativa cos colectivos implicados.

Figura 23 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Presenza nas redes sociais. 2015-2017

(% todos os concellos que empregan as redes sociais)



Fonte: OSIMGA

Táboa 14 PRESENZA NAS REDE SOCIAIS. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos que empregan as redes sociais)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Facebook	40,4%	69,0%	75,4%	81,8%	86,75	71,4%	62,2%
Twitter	10,5%	27,6%	38,6%	51,5%	66,7%	71,4%	28,9%
Youtube	3,5%	12,6%	35,1%	30,3%	33,3%	57,1%	16,8%
Outras	1,8%	5,7%	7,0%	9,1%	0,0%	28,6%	4,8%

Fonte: OSIMGA

Táboa 15 PRESENZA NAS REDES SOCIAIS. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos que empregan as redes sociais)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Facebook	79,6%	46,35	45,7%	78,7%	62,2%
Twitter	37,6%	20,9%	16,3%	44,3%	28,9%
Youtube	30,1%	9,0%	6,5%	19,7%	16,8%
Outras	9,7%	3,0%	0,0%	6,6%	4,8%


Fonte: OSIMGA

A acción máis común de participación coa cidadanía é a posibilidade de comentar noticias publicadas polo concello na súa web, presente nun 16,2% de concellos. Estes servizos para fomentar a participación cidadá teñen aumentado moderadamente nos últimos dous anos como se pode comprobar na seguinte gráfica.

Figura 74 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Dispoñibilidade de servizos de participación da cidadanía. 2015-2017

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

A análise por ámbito xeográfico amosa importantes diferenzas da dispoñibilidade destes servizos menos frecuentes, sendo máis habituais nos concellos grandes e destacando os da provincia da Coruña, onde o 23,7% dispón de servizos para comentar noticias publicadas polo concello.

Táboa 16 DISPOÑIBILIDADE DE SERVIZOS DA PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Comentar noticias publicadas polo Concello na súa web	10,6%	19,8%	28,1%	9,1%	0,0%	42,9%	16,2%
Opinar sobre un proceso político a poñer en marcha	3,5%	5,7%	3,5%	0,0%	0,0%	42,9%	4,4%
Acceso ao estado dun proceso político	3,5%	2,3%	0,0%	0,0%	0,0%	42,9%	2,6%
Outro	3,5%	8,0%	7,0%	21,2%	25,0%	14,3%	8,5%

Fonte: OSIMGA

Táboa 17 DISPOÑIBILIDADE DE SERVIZOS DA PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN


(% todos os concellos)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Comentar noticias publicadas polo Concello na súa web	23,7%	9,0%	19,6%	8,2%	16,2%
Opinar sobre un proceso político a poñer en marcha	7,5%	1,5%	2,2%	6,6%	4,4%
Acceso ao estado dun proceso político	3,2%	4,5%	2,2%	1,6%	2,6%
Outro	6,5%	10,4%	2,2%	18,0%	8,5%

Fonte: OSIMGA


Outra vía de comunicación cos cidadáns e de síntoma dunha administración por e para a cidadanía é o espazo de transparencia. O incremento da presenza do portal de transparencia nos concellos galegos é considerable no ano 2017, situándose no 62,2%, medrando 32,7 puntos, e estando presente no 100% dos concellos máis grandes.

Figura 25 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Dispoñibilidade dun portal ou espazo de transparencia. 2015-2017
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA


Figura 26 DISPOÑIBILIDADE DUN PORTAL OU ESPAZO DE TRANSPARENCIA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Figura 27 DISPOÑIBILIDADE DUN PORTAL OU ESPAZO DE TRANSPARENCIA POR PROVINCIA

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

A maioría dos provedores do espazo de transparencia para os concellos continúan sendo externos á propia administración local; o 27,7% dos organismos municipais xestiónano por si mesmos.

Figura 28 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Provedor do espazo de transparencia. 2015-2017

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

2.5. Puntos de acceso público á Sociedade da Información

Os concellos dispoñen de puntos de acceso á Sociedade da Información ao servizo da cidadanía, situados en bibliotecas, aulas de informática e centros de servizos para a sociedade da Información. O máis frecuente é a través de bibliotecas públicas, co que contan o 72,5% dos concellos galegos, mentres que o 53,7% dispoñen de aulas de informática como puntos de acceso á Sociedade da Información..

Figura 29 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Puntos de acceso público á Sociedade da Información. 2015-2017
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

De novo o ámbito xeográfico repercute no indicador a favor dos concellos máis grandes. respecto á provincia, destacar o 90,3% de puntos nas aulas de informática dos concellos da Coruña e o 86,9% de puntos de acceso nas bibliotecas públicas nos concellos de Pontevedra.

Táboa 18 PUNTOS DE ACCESO PÚBLICO Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.
TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN
 (% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Biblioteca pública	51,8%	77,0%	86,0%	100,0%	86,7%	85,7%	72,5%
Aula de informática	33,3%	59,8%	71,9%	57,6%	75,0%	100,0%	53,7%
Centro de Servizos	12,3%	4,6%	26,3%	39,4%	33,3%	42,9%	17,1%

Fonte: OSIMGA

Táboa 19 PUNTOS DE ACCESO PÚBLICO Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.

TÁBOA POR PROVINCIA

(% todos os concellos)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Biblioteca pública	79,6%	59,7%	64,1%	86,9%	72,5%
Aula de informática	90,3%	28,4%	38,0%	49,2%	53,7%
Centro de Servizos	14,0%	22,4%	14,1%	19,7%	17,1%

Fonte: OSIMGA


Respecto ao acceso á Rede, cabe sinalar que nove de cada dez concellos con locais de acceso á sociedade da Información contan con ordenadores con conexión a Internet.

A totalidade dos concellos con máis de 50.000 habitantes contan con puntos de acceso con conexión á Internet. Por provincias, destacan os municipios de A Coruña en canto a puntos de acceso con Internet nas Bibliotecas Públicas e nas Aulas de informática, mentres que a totalidade dos concellos de Lugo contan con centros de servizos con acceso a Internet.

Figura 30 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Ordenadores con conexión a Internet nos puntos de acceso público á Sociedade da Información. 2015-2017

(% todos os concellos con ordenadores nos puntos de acceso á Sociedade da Información)



Fonte: OSIMGA

Táboa 3 ORDENADORES CON CONEXIÓN A INTERNET NOS PUNTOS DE ACCESO PÚBLICO Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.

TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos con ordenadores nos puntos de acceso á Sociedade da Información)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Biblioteca pública	94,8%	92,5%	100,0%	100,0%	85,7%	100,0%	95,3%
Aula de informática	81,1%	88,5%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	92,4%
Centro de Servizos	64,3%	100,0%	100,0%	100,0%	80,0%	100,0%	89,2%

Fonte: OSIMGA

Táboa 21 ORDENADORES CON CONEXIÓN A INTERNET NOS PUNTOS DE ACCESO PÚBLICO Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.

TÁBOA POR PROVINCIA

(% todos os concellos con ordenadores nos puntos de acceso á Sociedade da Información)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Biblioteca pública	97,3%	95,0%	91,5%	96,3%	95,3%
Aula de informática	97,6%	94,7%	82,9%	86,7%	92,4%
Centro de Servizos	92,3%	100,0%	76,9%	91,7%	89,2%

Fonte: OSIMGA



3. EQUIPAMENTOS, APLICACIÓNS E PROGRAMAS INFORMÁTICOS


- As aplicacións ou programas con maior implantación nas corporacións locais son o “Padrón de habitantes” e a “Contabilidade”.
- O DNI electrónico ou certificado dixital, como método de identificación ou autenticación do persoal no sistema informático do concello, aumentou 6,8 puntos porcentuais.

Trataranse nesta capítulo os equipamentos, aplicacións programas informáticos dispoñibles nos concellos de Galicia, a través do desenvolvemento dos seguintes epígrafes: equipamento informático e de comunicacións dispoñibles nos concellos; aplicacións, programas e plataformas informáticas coas que contan os distintos concellos en Galicia; e finalmente analizarase a identificación e certificados dixitais do persoal que traballa nas entidades locais.

3.1. Equipamento informático e de comunicacións

Os servidores son o equipamento informático con maior presenza nos concellos galegos, atopándose nun 88,7% deles.

Figura 31 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Sistemas instalados e funcionando na actualidade. 2015-2017
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Hai equipamentos que están presentes na totalidade dos concellos de maior poboación, como os servidores, ordenadores portátiles e redes sen fíos. Destacan pola súa especial presenza nos concellos das provincias da Coruña e de Pontevedra.

Táboa 22 SISTEMA INSTALADOS E FUNCIONANDO. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Servidores (proprios e alleos)	79,8%	96,6%	89,5%	90,9%	100,0%	100,0%	88,7%
Servidores en instalacións propias	70,2%	93,1%	86,0%	90,9%	100,0%	100,0%	83,6%
Ordenadores portátiles	65,8%	66,7%	82,5%	81,8%	93,3%	100,0%	72,8%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da entidade	30,7%	55,2%	56,1%	45,5%	80,0%	100,0%	47,6%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da cidadanía	25,4%	47,1%	59,6%	42,4%	80,0%	71,4%	43,2%
Servidores en instalacións alleas	19,3%	31,0%	36,8%	42,4%	50,0%	71,4%	30,7%
Tabletas electrónicas	6,1%	8,0%	14,0%	21,2%	62,5%	85,7%	14,3%
PDA's	0,0%	9,2%	3,5%	12,1%	26,7%	71,4%	7,3%

Fonte: OSIMGA

Táboa 23 SISTEMAS INSTALADOS E FUNCIONANDO. TÁBOA POR PROVINCIA

(% todos os concellos)

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Servidores (proprios e alleos)	95,7%	91,0%	78,3%	91,8%	88,7%
Servidores en instalacións propias	84,9%	88,1%	75,0%	91,8%	83,6%
Ordenadores portátiles	83,9%	74,6%	58,7%	75,4%	72,8%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da entidade	50,5%	49,3%	38,0%	54,1%	47,6%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da cidadanía	43,0%	49,3%	26,1%	60,7%	43,2%
Servidores en instalacións alleas	47,3%	26,9%	15,2%	32,8%	30,7%
Tabletas electrónicas	20,4%	7,5%	6,5%	24,6%	14,3%
PDA's	9,7%	10,4%	0,0%	11,5%	7,3%


Fonte: OSIMGA

As necesidades de mellora, cambio ou adquisición dos sistemas e equipamento informático no concello experimentaron unha importante evolución respecto a hai dous anos. Nas demandas do ano 2017, o 60,9% dos concellos destacaron a necesidade de mellorar a velocidade da conexión de Internet. En menor medida, incrementase a demanda de tabletas electrónicas e PDA's.

Figura 32 EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Necesidades de mellora, cambio ou adquisición/utilización de sistemas. 2015-2017

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

No caso dos concellos de maior tamaño, a maior demanda sitúase nos ordenadores portátiles e servidores, pola contra, nos concellos de menor tamaño destaca a velocidade de conexión á Internet.

Táboa 24 NECESIDADES DE MELLORA, CAMBIO OU ADQUISICIÓN/UTILIZACIÓN DE SISTEMAS. TÁBOA POR ESTRATOS DE POBOACIÓN

(% todos os concellos)

	Menos de 2.000 habitantes	2.001-5.000 habitantes	5.001-10.000 habitantes	10.001-20.000 habitantes	20.001-50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	TOTAL
Velocidade de conexión a Internet	60,5%	64,4%	57,9%	66,7%	50,0%	42,9%	60,9%
Ordenadores portátiles	43,9%	59,8%	63,2%	60,6%	73,3%	85,7%	55,7%
Servidores en instalacións propias	28,9%	31,0%	50,9%	36,4%	80,0%	85,7%	38,1%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da cidadanía	20,2%	29,9%	38,6%	57,6%	40,0%	57,1%	31,8%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da entidade	21,9%	35,6%	15,8%	51,5%	20,0%	71,4%	29,0%
Tabletas electrónicas	10,5%	23,0%	17,5%	42,4%	20,0%	42,9%	19,8%
PDA's	6,1%	10,3%	3,5%	12,1%	13,3%	28,6%	8,4%
Servidores en instalacións alleas	2,6%	8,0%	7,0%	18,2%	6,7%	28,6%	7,6%

Fonte: OSIMGA

Táboa 25 NECESIDADES DE MELLORA, CAMBIO OU ADQUISICIÓN/UTILIZACIÓN DE SISTEMAS. TÁBOA POR PROVINCIA

(% todos os concellos)


	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Velocidade de conexión a Internet	64,5%	53,7%	59,8%	65,6%	60,9%
Ordenadores portátiles	59,1%	46,3%	48,9%	72,1%	55,7%
Servidores en instalacións propias	38,7%	29,9%	37,0%	49,2%	38,1%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da cidadanía	38,7%	28,4%	23,9%	36,1%	31,8%
Redes sen fíos (wifi, wimax) para uso da entidade	31,2%	31,3%	20,7%	36,1%	29,0%
Tabletas electrónicas	22,6%	20,9%	13,0%	24,6%	19,8%
PDA's	6,5%	6,0%	7,6%	16,4%	8,4%
Servidores en instalacións alleas	6,5%	6,0%	5,4%	14,8%	7,6%

Fonte: OSIMGA

O 21,4% dos concellos enquisados con máis dunha sede administrativa posúe unha conexión interna entre as sedes. Esta interconexión entre sedes dáse con moita maior intensidade nos concellos de máis de 50 mil habitantes (71,4%) e especialmente na provincia da Coruña (26,1%).

Figura 33 CONCELLOS CON TODAS AS SÚAS SEDES CONECTADAS ENTRE SI POR ESTRATOS DE POBOACIÓN


(% todos os concellos con máis dunha sede administrativa)



Fonte: OSIMGA

Figura 34 CONCELLOS CON TODAS AS SÚAS SEDES CONECTADAS ENTRE SI POR PROVINCIA

(% todos os concellos con máis dunha sede administrativa)




Fonte: OSIMGA

3.2. Aplicacións, programas e plataformas informáticas

As aplicacións con maior presenza na Administración Local de Galicia son: o “Padrón de habitantes” (96,7%) e a de “Contabilidade” (95,7%). A “Xestión de expedientes” foi a aplicación con maior crecemento respecto ao ano 2015, medrando a súa presenza en 21,1 puntos porcentuais.

Figura 35 EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Aplicacións, programas e plataformas informática dispoñibles. 2015-2017
 (% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

O 100% dos concellos de máis de 50.000 habitantes posúe aplicacións para xestionar o “Padrón de habitantes”, a “Contabilidade”, o “Rexistro da entidade” , a “Xestión de expedientes” ou programas de “Persoal e nóminas”, “Xestión tributaria”, ou “Xestión do inventario informático”.

